

Edición 1ª

Data de aplicación: 21/12/2011

Xestión e utilización dos produtos químicos

Produtos químicos: substancias derivadas da transformación dunha fonte natural para ser tratadas de forma química.

Substancia: un elemento químico e os seus compostos naturais ou os obtidos por algún proceso industrial, incluídos os aditivos necesarios para conservar a súa estabilidade, e as impurezas que forma inevitable produza o proceso, con exclusión de todos os disolventes que poden separarse sen afectar á estabilidade da sustancia nin modificar a súa composición.

Os Responsables de PRL do centro (Decano/a-Director/a, e/ou Administrador/a de centro), en virtude da súa recoñecida autonomía, e capacidade de xestión, definirán as funcións, asignando as responsabilidades e a delegando autoridade necesarias para levar a cabo de forma eficaz os aspectos referidos o seu respectivo centro, que se indican nos cadros que se presentan a continuación.

No seu defecto, e con carácter supletorio, establécense a seguinte xerarquía de funcións e competencias para garantir a xestión eficaz dos produtos químicos:

- Persoal con responsabilidade e autoridade directas sobre a súa utilización.
- O Investigador/a Principal (respecto aos produtos químicos específicos de cada proxecto de investigación).
- O Director/a de Departamento.
- Responsables de PRL do centro (Decano/a-Director/a, e/ou Administrador/a de centro).

	Nome	Data	Selo e Sinatura
<i>Elaborado por</i> Servizo de Prevención de Riscos Laborais (SPRL)	M ^a . José Montero Vilariño. M ^a . del Carmen Álvarez González.	05/04/2010	
<i>Revisado por</i> Comité de Seguridade e Saúde (CSS)	José Manuel García Vázquez.	21/09/2011	
<i>Aprobado por</i> Xerencia	Manuel Fernández Jauregui.	21/12/2011	

Edición 1ª

Data de aplicación: 21/12/2011

Xestión e utilización dos produtos químicos

Calquera produto químico presente no lugar de traballo debe conter información sobre o risco inherente da sustancia ou preparado.

Deberá dispoñerse da ficha de seguridade dos produtos químicos:

- Identificación da substancia ou preparado e da sociedade ou empresa.
- Composición/información dos compoñentes.
- Identificación dos perigos.
- Primeiros auxilios.
- Medidas de loita contra incendios.
- Medidas que deban tomarse en caso de vertedura accidental.
- Manipulación e almacenamento.
- Control de exposición/protección individual.
- Propiedades físicas e químicas.
- Estabilidade e reactividade.
- Informacións toxicolóxicas.
- Informacións ecolóxicas.
- Consideracións relativas á eliminación.
- Informacións relativas ao transporte.
- Informacións regulamentadas.
- Outras informacións (por exemplo: consellos relativos á formación, usos recomendados e restricións, referencias escritas, fontes dos principais datos e data de emisión).

Ademais, os produtos estarán debidamente etiquetados tal que:

- Debe ser visible, lexible, e estar redactada en lingua oficial do Estado.
- Identifiquen o produto, indicando o nome da sustancia ou do preparado.
- Indique os símbolos, pictogramas e indicacións de perigo para destacar os riscos principais.
- Indique as frases R que permiten complementar e identificar determinados riscos mediante a súa descrición.
- Indique as frases S que a través de consellos de prudencia establezan medidas preventivas para a manipulación e utilización.

A tarefa directa de esixir e de que se adopten as medidas necesarias para que se dispoña da documentación preceptiva derivada dos produtos químicos, recae de forma ordinal nas seguintes figuras:

- Persoal con responsabilidade e autoridade directas sobre a súa utilización.
- O Investigador/a Principal (respecto aos equipos de traballo específicos de cada proxecto de investigación).
- O Director/a de Departamento.
- Responsables de PRL do centro (Decano/a-Director/a, e/ou Administrador/a de centro).

Edición 1ª

Data de aplicación: 21/12/2011

Xestión e utilización dos produtos químicos

Levarase a cabo un control dos produtos químicos, que se rexistrará cubrindo o documento-rexistro "DRPRL-09-06: Control de produtos químicos".

A execución do devandito control recae de forma ordinal nas seguintes figuras (sen prexuízo que poidan delegar os deberes, conservando a responsabilidade):

- Persoal con responsabilidade e autoridade directas sobre a súa utilización.
- O investigador/a principal (respecto a produtos químicos específicos de cada proxecto de investigación).
- O Director/a de Departamento.
- Responsables de PRL do centro (Decano/a-Director/a, e/ou Administrador/a de centro).

É obriga dos traballadores/as:

- Usar adecuadamente conforme ás indicacións recibidas, e de acordo coa súa natureza e os riscos previsibles, os produtos químicos.
- Nos casos que corresponda, e en función das indicacións recibidas realizar de forma adecuada a limpeza, conservación, e mantemento dos lugares de traballo afectados polos produtos químicos.
- Non por fora de funcionamento e utilizar correctamente os dispositivos de seguridade existentes ou que se instalen vinculados cos produtos químicos, e que se relacionen coa súa actividade ou nos lugares de traballo nos que ésta teña lugar.
- Coñecer e cumprir a indicacións da ficha de seguridade e da etiqueta.
- Utilizar correctamente os medios e equipos de protección facilitados pola Universidade de Vigo.
- Coñecer, e cumprir as indicacións de calquera documentación técnica (normas e fichas de PRL) entregadas polo Servizo de Prevención de Risgos Laborais da Universidade de Vigo.
- Coñecer, e cumprir a sinalización existente nos centros de traballo, así como en calquera outro lugar nos que se desenvolvan os traballos.
- Coñecer , e cumprir en espacial, a instrución "IPRL-18-01: información xeral durante o embarazo, e o período de lactancia natural".
- Calquera problema ou aspecto que estime de interese sobre un produto químico, proceda a comunicalo conforme ao procedemento "PPRL-06: Comunicación, participación e consulta".

Edición 1ª

Data de aplicación: 21/12/2011

Xestión e utilización dos produtos químicos

Establecese a seguinte clasificación e graduación sobre incumprimentos referidos aos produtos químicos:

Faltas Leves (amoestacións verbais e/ou por escrito).

- Pequenos, e puntuais descoidos no cumprimento, ou a observación das normas de utilización, limpeza relacionada coa utilización de produtos químicos, cando carezan de significación grave para a seguridade e saúde das persoas.
- Puntuais faltas ao cubrir o “DRPRL-09-06: control dos produtos químicos”.
- Non dispoñer, nin xustificar a non disposición inicial e/ou puntual da documentación preceptiva.

Faltas Graves (Aplicación do Réxime Disciplinario correspondente).

- Non adoptar as medidas necesarias para solucionar a non disposición da documentación preceptiva, tras ser detectada de forma inicial.
- Non advertir de forma inmediata aos responsables directos superiores de calquera anomalía ou defecto que se observe con respecto do traballo con produtos químicos.
- A negligencia grave na utilización, limpeza ou almacenamento relacionados cos produtos químicos.

Faltas Moi Graves (Aplicación do Réxime Disciplinario correspondente).

- Non adoptar as medidas necesarias para dispoñer da documentación preceptiva, cando de elo se poida derivar unha situación con significación moi grave para a seguridade e saúde das persoas.
- O incumprimento ou a non observación das normas de utilización, limpeza, e almacenamento vinculadas cos produtos químicos, cando poidan ter significación moi grave para a seguridade e saúde das persoas.